

# OFERTAS DE TEMPO LIBRE PARA O VERÁN 2006

---

**BARCELONA, EDUCA**

**ESTADÍA DE EDUCACIÓN  
AMBIENTAL EN O COTO-ARBO**

**VACACIONS EN PAZ**

## BARCELONA, EDUCA

Proposta para o coñecemento e o disfrute dunha cidade cun gran número de centros de interese que permite descubri-la, coñecer a súa historia e arte, contemplar a súa arquitectura e aproximarse a vida cotiá.

**Datas de realización:** do 9 ao 15 de xullo

**Destinatarios/as:** o grupo, de 30 persoas, estará constituído por rapaces e rapazas de 12 a 15 anos e irán acompañados de 2 monitores/as.

**Número máximo:** 30 persoas

### Actividades:

Museo de Historia da cidade, Palau Real Maior, Mirador Rey Martí, Catedral.

Visita á Cidadela

Montjuïc (Anel Olímpico, Palau San Jordi, Estadio Olímpico, Fundación Miró, Palacete Albéniz, Xardíns de Mosén Cinto Verdguer, etc.),

Gaudí (casas modernistas, parque Güell, Sagrada Familia).

Fachada Marítima (museo marítimo, Port Vell, Maremagnum, Aquarium, Porto Olímpico, etc.).

Port Aventura.

**Cota de inscrición:** o custe da inscrición é de 300 euros, incluíndo todos os gastos (entradas museos, desprazamentos, aloxamento, manutención, monitores, seguros, etc.).

## ESTADÍA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NO ALBERGUE RURAL O COTO-ARBO

Este programa desenvolverase no Concello de Arbo, na comarca da Paradanta (Pontevedra). Arbo sitúase a carón do río Miño na parte suroriental da provincia de Pontevedra, con moitas posibilidades e recursos para gozar do medio natural e da súa paisaxe. Na redonda existen espazos naturais asociados ao río Miño e paisaxes humanizadas pero de gran beleza, como a dos viñedos.

O Albergue do Coto está situado na parroquia de San Xoán de Arbo, a carón do río Deva. Está formado por 3 edificios rústicos (albergue, comedor-cociña e sala de tempo libre e actividades)

Todos estes valores convérteno nun lugar inmejorable para promover o coñecemento, o coidado e o respecto pola natureza.

### Datas de realización:

1º quenda: do 6 ao 12 de Xullo

2º quenda: do 17 ao 23 de Xullo

**Destinatarios:**

- 1º quenda: 6 a 8 anos: 24 prazas
- 2º quenda: de 9 a 11 anos: 24 prazas

**Cota de inscrición:** 172 euros. Inclúense todos os gastos.

**Monitores/as:**

A coordinación e monitoraxe deste campamento será levada por monitores/as con experiencia, titulación e formación para desenvolver o programa proposto.

**Actividades:**

Itinerarios ecolóxicos-culturais: visitas ao parque nacional de Peneda Geres en Portugal, a Adegas do Pazo de Almuiña, a vila portuguesa de Melgaço e a vila monumental de Tui; itinerario a pe ao conxunto etnográfico de muíños restaurados.

Obradoiros de medio ambiente, xogos predeportivos, xogos populares, baños na praia fluvial, etc.

## ACOLLIDA DE NENOS E NENAS SAHARAUÍS

Ao igual que en anos anteriores presentamos o programa VACACIÓNS EN PAZ 2006, atendendo á solicitude expresada pola Delegación Saharauí para Galicia, canalizada pola Asociación Solidariedade Galega co pobo Saharauí.

Esta proposta de acollida de 15 nenos e nenas saharauís por familias de Santiago afonda no proxecto iniciado con motivo do Programa "Compostela 93" de apoio, recoñecemento e afortalamiento de políticas de cooperación en eidos diferentes, de acordo coas directrices e recomendacións emanadas da Unión Europea, no camiño de mellorar as condicións de vida dos pobos do mundo, con accións diversas no terreo da produción industrial, do comercio, da educación e da cultura.

O Programa Vacacións en Paz 2006 está concebido no marco de solidariedade e axuda desinteresada e co fin de proporcionar mellores vacacións ós nenos e nenas saharauís. Os rapaces que participan neste proxecto teñen entre 7 e 14 anos e proveñen dos campamentos de refuxiados saharauís que se encontran na zona de Tinduf, sudoeste de Alxeria.

Trátase de ofrecer a estes nenos nados no medio da guerra e sometidos ás súas duras consecuencias, unha posibilidade de coñecer formas distintas de vida, de maneira que isto contribúa, non só á súa formación senón a mellorar a comunicación e o entendemento entre os pobos e promover valores de solidariedade e cooperación dos composteláns. Este tipo de visitas son moi importantes para que eles desenvolvan unha concepción do mundo máis ampla e sólida, para que adquiran uns marcos de referencia elementais e non mediatizados respecto a outros países, dentro do seu propio proceso de maduración persoal e sen prescindir da rica tradición do seu pobo. Ao mesmo tempo preténdese facilitar a relación de familias de Santiago con rapaces doutras culturas.

**A proposta ten as seguintes características:**

- ✍ Os nenos/as estarán en Santiago nos meses de xullo e agosto de 2006.
- ? Concello de Santiago faise cargo das pasaxes do grupo dende Tinduf-Alxel-Madrid e regreso.
- ? Os nenos e nenas estarán acompañados ao longo da súa estada en Santiago por un adulto saharauí que actuará de coordinador e intérprete.
- ? aloxamento dos pequenos realizarase na casa de familias compostelás, que se farán cargo dos gastos de alimentación e vestido dos nenos e nenas durante a súa estancia.
- ? Concello organizará unha serie de actividades complementarias co obxecto de facilitar a integración dos rapaces.

## FICHA DE INSCRICIÓN

### Sinale cunha x a oferta solicitada:

Barcelona, Educa

Estadía de Educación ambiental en O Coto

1ª quenda

2ª quenda



Vacacións en Paz

### DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos .....

Nome.....

Enderezo familiar: .....

Teléfono .....

Enderezo nas vacacións:.....

teléfono .....

Data de nacemento:..... n° de irmáns:.....

Lugar que ocupa:..... nenos:.....nenas:.....

Colexio no que estudia:..... curso:.....

¿Participaches outros anos nas ofertas de verán do concello de Santiago? .....

¿Cando? .....

¿En qué outras ofertas de tempo libre para o verán che interesaría participar? .....

.....

### DATOS DA FAMILIA

Nome e apelidos do teu pai:.....

Profesión:.....

Nome e apelidos da túa nai:.....

Profesión:.....

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

? Unha fotografía

? Fotocopia da tarxeta da seguridade social ou do seguro médico

? Fotocopia do carné de identidade.

? Fotocopia das vacinas.

Certificado empadronamento. É condición imprescindible estar empadroado no Concello de Santiago para participar nestas ofertas, non obstante, se houbera prazas libres poderanse atender outras solicitudes. Este documento será solicitado polo Dpto. de Educación e Mocidade directamente no Padrón Municipal polo que non é preciso que os solicitantes o entreguen.

NOTA: Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

## FICHA MÉDICA

¿Maréaste con frecuencia? ..... ¿vomitas? .....

Enfermidades : (subliña aquelas máis frecuentes)

*anxinas*

*arrefriados*

*farinxite*

*dor de moas*

*enurese (mollar a cama)*

*outras:*

¿Padeces a miúdo hemorraxias?.....¿padeces do corazón?.....¿tes convulsións?.....¿és alérxico? ... .. ¿a qué? .....

¿Tomas algún medicamento especial? .....

Sinale cal é a súa dose.....

¿Tes algún réxime? .....¿cal? .....

Nº tarxeta da seguridade social dos teus pais .....

¿Ten as vacinas correspondentes á túa idade?.....

## AUTORIZACIÓN FAMILIAR

Autorizo ao meu fillo/a .....  
a asistir ao programa de verán ..... nas condicións establecidas. Fago  
extensiva esta autorización ás decisións médico-cirurxicas que fose necesario adoptar en caso de  
extrema urxencia, baixo a dirección facultativa pertinente.

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2006.

SINATURA DO PAI OU DA NAI

Nome e apelidos .....

NIF.....

NOTA: Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

### **Información:**

Departamento de Educación e Mocidade  
**Rúa do Vilar, 13-1º andar**

Telefónos: 981- 554 400 – 981- 554 401  
Fax: 981- 571 511

### **Correo electrónico:**

[dptoeducacion@aytocompostela.es](mailto:dptoeducacion@aytocompostela.es)

### **Páxina web:**

[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)

### **Rexistro Xeral do Concello**

Rúa Presidente Salvador Allende

981- 54 31 28

### **Prazo de pre-inscrición:**

do 7ao 16 de xuño de 2006 (ambos inclusive).

### **Entrega de pre-inscricións:**

As fichas de preinscrición deberanse entregar no Rexistro Xeral do concello de Santiago de Compostela de 9 a 14 horas, nos prazos establecidos.

**Nota:** no caso de que houbera máis solicitantes que prazas ofertadas realizarase un sorteo público no Concello de Santiago

### **Formalización da inscrición:**

Unha vez confirmada a praza polo Departamento de Educación, para formalizala deberán efectuar o correspondente pago na conta do concello de Santiago en Banesto nº: 0030-6045-13-0870087271.

**Importante:** No momento de facer o pago deberán indicar a oferta na que participan e o nome do neno/a participante.

**Nota:** deberán presentar orixinal da transferencia bancaria do pago efectuado.

### **Xuntanza coas familias e nenos/as inscritos:**

Co obxecto de comentar o programa de actividades, presentar aos monitores/as que acompañarán aos participantes e solventar calquera cuestión sobre esta actividade, convocámoslles a unha xuntanza que terá lugar no Pazo de Bendaña (Praza do Toural) o mércores 21 de xuño:

- ás 18.00 h. Estadía de Educación Ambiental
- ás 18.30 h. Barcelona, Educa